



Co respaldo da Consellería de Política Social, a organización humanitaria e a operadora galega percorrerán 11 localidades das 4 provincias para ofrecer os seus “menús tecnolóxicos”

Cruz Vermella e R móvense en Galicia con “Enredando tour R” para integrar persoas maiores na contorna dixital

- ***Esta mañá presentaron o programa na Dársena da Mariña da Coruña a Conselleira de Política Social, a Presidenta de Cruz Vermella Galicia e o Director de Empresas de R e do Grupo Masmóvil***
- ***Durante un mes, o programa percorrerá localidades galegas cunha aula móbil para romper a fenda dixital e ofrecer contidos formativos específicos***
- ***O propósito é “enredar” persoas maiores no universo das novas tecnoloxías dun xeito lúdico, ofrecéndolles a degustación dun “menú tecnolóxico” á súa medida***

A Coruña, 13 de setembro de 2021.- A primeira acción de “Enredando *tour R*” desenvolveuse esta mañá na Dársena da Mariña da Coruña, onde se instalou o espazo de Cruz Vermella e R no que se imparten contidos didácticos para favorecer a chamada ‘inclusión dixital’ das persoas maiores.

A Conselleira de Política Social, Fabiola García, a Presidenta de Cruz Vermella Galicia, Carmen Colmeiro, a Concelleira de Igualdade, Benestar Social e Participación do Concello da Coruña, Yoya Neira, o Director de Empresas de R e do Grupo Masmóvil, Isidro Fernández de la Calle, e a responsable do proxecto “Enredando” de Cruz Vermella en Galicia, Trinidad de Lorenzo, presentaron no devandito escenario herculino este programa que ata o mes de outubro percorrerá 11 localidades de Galicia cunha aula móbil formativa pensada exclusivamente para “enredar” os/as maiores no mundo dixital.

Que a fenda non deixe ninguén atrás

O máis importante é que o colectivo de maiores lles perda o medo ás novas tecnoloxías e que estas persoas desenvolvan habilidades básicas para avanzar e aprender a navegar por internet, ter unha conta de correo ou enviar unha mensaxe.

E, sobre todo, que non se sintan sós/soas e vexan que persoal especializado e voluntarios/as de Cruz Vermella lles darán o apoio dixital que precisen *in situ*, no espazo das formacións, e que poden recibir asesoramento tamén a través da páxina enredando.gal, creada especificamente para completar esta acción didáctica dedicada a elas e eles.

Ao fío de todo isto, Fabiola García asegurou que se trata dun proxecto que *“permitirá que medio milleiro de persoas teñan acceso ao mundo enteiro a través dos seus teléfonos móbiles, que lles serven para conectarse cos seus, entreterse e facilitarlles o seu día a día. Neste programa, Cruz Vermella conta cun investimento da Xunta de 50.000 euros”*.

Neste sentido, Carmen Colmeiro destacou que *“en Cruz Vermella queremos estar preto das persoas, é algo que nos caracteriza; e tamén apostamos por poñer a tecnoloxía ao servizo da poboación. Esta iniciativa permítenos ambas as dúas cousas. Dunha banda, que as persoas maiores non queden fóra do mundo dixital e gocen de todas as súas vantaxes e, doutra, que o feito de vivir en pobos ou zonas rurais non supoña unha desvantaxe para elas”*.

Isidro Fernández de la Calle, pola súa banda, afirmou durante o acto de presentación que lle parece esencial *“deterse e pensar nas necesidades tecnolóxicas de colectivos con serias dificultades para mergullarse no mundo dixital, como o son habitualmente as persoas maiores e outros grupos sensibles. O Director de Empresas de R reafirmou o obxectivo do programa e a súa aposta “por eliminar necesariamente esa fenda que lles impide a estas persoas vulnerables integrarse de cheo no universo tecnolóxico tan presente e ineludible xa nas nosas vidas a día de hoxe”*.

Menús formativos (para todos os gustos)

A acción consiste nunha aula móbil con contidos formativos vinculados ás novas tecnoloxías. Unha furgoneta superequipada transporta os *smartphones*, portátiles, tabletas, altofalantes intelixentes... e todo tipo de accesorios para facilitar ese achegamento á realidade da tecnoloxía máis doméstica e presente en multitude de áreas da nosa vida cotiá.

As persoas que participen poderán fedellar mentres ‘degustan’ un dos catro “menús formativos” que Cruz Vermella e R lles teñen disposto para que elixan o que máis se adapte ás súas necesidades e preparación.

En función deses menús, en horario de 10:00 a 14:00 h, en cada unha das localidades onde recale a aula formativa de “Enredando *tour R*” organizaranse 8 obradoiros (2 por menú) de 45 minutos cada un, no espazo exterior (protexidos por uns toldos) e cumprindo escrupulosamente as esixencias sanitarias e medidas anti COVID-19 para garantir a seguridade de todo o mundo e en todo momento.

Esta é a carta de “Enredando *tour R*”, cos seus 4 menús:

_ **“Vivo non mundo analóxico, rapaza”**; menú básico para comezar a “enredar” en internet.

_ **“E ti... de quen vés sendo?”**: para saber que é e como funciona o Whatsapp.

_ **“Dixitalízate, ho”**: para aprender como se pode acceder ao SERGAS, ao banco, facer a compra e, en xeral, como xestionar o máis cotián por internet.

_ **“Menú R: móbilR”**: para coñecer a factura electrónica e outras utilidades e aplicacións prácticas en internet.

Dende A Coruña ata A Guarda

A partir de hoxe e ata o 6 de outubro a aula móbil percorrerá 11 localidades das 4 provincias galegas. O periplo comezou esta mañá en pleno centro da Coruña e continúa no resto das localidades previstas segundo este calendario:

- _ 13 de setembro: A Coruña
- _ 17 de setembro: Cedeira
- _ 20 de setembro: Viveiro
- _ 21 de setembro: Sarria
- _ 22 de setembro: Monforte de Lemos
- _ 27 de setembro: O Carballiño
- _ 28 de setembro: Verín
- _ 29 de setembro: O Barco de Valdeorras
- _ 4 de outubro: Lalín
- _ 5 de outubro: Ponteareas
- _ 6 de outubro: A Guarda

Para participar nas actividades de “Enredando Tour R” as persoas interesadas poden chamar ao teléfono gratuíto 900 825 030 ou escribir un correo electrónico a galicia@cruzroja.es.

Sobre “Enredando”, de Cruz Vermella Galicia

“Enredando *tour R*” enmárcase dentro do proxecto “**Enredando**” de Cruz Vermella, cuxo obxectivo xeral é reducir a fenda dixital entre a poboación que atende a Organización na nosa comunidade autónoma. Trátase dun proxecto de capacitación dixital que xorde para evitar procesos de exclusión social por motivos económicos, de xénero, de idade, nivel educativo ou zona de residencia, entre outros. “Enredando *tour R*” é a primeira das grandes accións deste proxecto que se pon en marcha e que aposta por apoiar as persoas maiores e sensibilizalas no uso das tecnoloxías, así como axudalas a derrubar os temores e inseguridades que poidan ter ao respecto.

comunicación Cruz Vermella

687419397

lofreco@cruzroja.es

www.cruzvermella.gal

comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal